

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN
MEDICINA PERSONALIZADA
DE PRECISIÓN

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DE MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN

OBXECTO:

Serán susceptibles de financiamento os proxectos de calidade contrastada dirixidos á validación na práctica clínica diaria de tecnoloxías, biomarcadores, e procedementos de Medicina Personalizada de Precisión, así como aqueles orientados ao deseño de ese tipo de mecanismos e a súa validación posterior no ámbito asistencial.



As prioridades temáticas dos proxectos deberán estar referidas ás seguintes áreas prioritarias:

Oncoloxía de precisión

Definida como o conxunto de aproximacións ao diagnóstico e tratamento do cancro que se basean na identificación das características moleculares específicas de cada tumor e a súa interacción con factores biolóxicos, clínicos ou de exposición ambiental do paciente. O termo de oncoloxía de precisión tamén inclúe o uso de marcadores de pronóstico, predictores de toxicidade e calquera parámetro biolóxico que pode conducir a unha adaptación do tratamento de cada paciente. Nesta área, ademais de outras patoloxías oncolóxicas, incluírse especificamente a investigación en tumores con baixa incidencia, pero con elevada mortalidade e o cancro infantil.

Farmacoxenética de precisión definida

Definida como a identificación de marcadores moleculares que permiten anticipar a resposta aos medicamentos tanto na esfera de eficacia como na de toxicidade, principalmente aqueles de uso masivo ou con impacto vital sobre as persoas. Consideraranse proxectos especificamente orientados a xerar nova evidencia en pacientes con reaccións adversas graves a medicamentos e vacinas. Estes proxectos deberán incluír un plan de coordinación cos sistemas de farmacovixilancia.

Medicina de precisión aplicada ás enfermidades infecciosas

Definida como a identificación de marcadores moleculares do patóxeno e/ou a súa interacción coas características individuais do hóspede humano que teñen impacto na prevención, a vixilancia epidemiolóxica, o diagnóstico, o tratamento ou o pronóstico das enfermidades. Prestarase especial atención á aplicación clínica e ao deseño de circuitos que faciliten a identificación e caracterización xenómica de microorganismos causantes de patoloxía severa que precise ingreso en unidades de coidados intensivos.

Medicina personalizada de precisión aplicada ao diagnóstico e tratamento de enfermidades crónicas

Definida como nas que a caracterización xenética e molecular e a súa interacción con factores biolóxicos, clínicos ou de exposición ambiental teña mostrado potencial impacto clínico.

Dentro de cada área temática, considéranse as seguintes **líñas de investigación prioritarias:**

*** Probas de concepto e proxectos piloto** para a validación e/ou implementación clínica de tecnoloxías ómicas e nanomedicina de precisión.

**** Avaliación de impacto clínico e económico, estudos de variabilidade na práctica clínica,** así como a xeración de outras evidencias científicas que contribúan a sustentar decisións en relación á incorporación de mecanismos e circuitos de Medicina Personalizada de Precisión na carteira de servizos do SNS.

***** Identificación e análise das áreas de aplicación da Medicina Personalizada de Precisión en Atención Primaria** e dos mecanismos orientados a fomentar a continuidade asistencial a través de modelos clínico-asistenciais centrados no paciente.

CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS:

- Ter unha duración de 4 anos, que será o prazo de execución desta actuación.
- O número de grupos participantes deben estar distribuídos en un mínimo de 6 Comunidades Autónomas.
- Plantexar un plan de viabilidade e sostenibilidade trala finalización da actuación para todas aquelas intervencións validadas que mostren un impacto clínico-asistencial favorable.
- Facer referencia á coordinación con un ou máis piares da infraestrutura IMPaCT, e en qué momento do seu desenvolvemento vai a realizarse a mesma.
- No caso dos proxectos presentados n área temática de enfermidades infecciosas, a coordinación global deberá quedar vencellada ao Centro Nacional de Microbioloxía-ISCIII.
- Incluir un compromiso de depósito dos datos epidemiolóxicos, xenéticos, clínicos e medioambientais, ou de calquera outro tipo, xerados como consecuencia desta actuación, nun repositorio común que establecerá o ISCIII
- Incorporar a perspectiva de xénero.
- Desplegar unha perspectiva de internacionalización, principalmente vencellada ás iniciativas europeas: 1+Million Genomes e Misión de Cáncer, e as respectivas axendas científicas que se desplieguen, así como ás iniciativas europeas relacionadas co Espazo Europeo de Datos de Saúde (EHDS).
- Os proxectos de investigación deberán presentarse como proxectos multicéntricos, podendo optar a dúas modalidades diferentes: proxecto multicéntrico con un único centro beneficiario ou proxecto multicéntrico con varios centros beneficiarios da axuda.
- Non ocasionar, directa ou indirectamente, un perxuício significativo ao medio ambiente.

REQUISITOS de participación:

1. Do IP:

a) Ter formalizada a súa vinculación funcional, estatutaria ou laboral co centro solicitante ou de realización.

O IP debe ter actividade clínico-asistencial ou na súa ausencia xustificar ter capacidade demostrable para que non exista limitación para a execución do proxecto. Terán especial protección os proxectos liderados ou co-liderados por investigadores con actividade clínico-asistencial nados en 1976 ou data posterior.

b) Non estar realizando un programa de Formación Sanitaria Especializada (FSE), nin un contrato de formación predoutoral.

c) Non ser investigador/a principal dun proxecto da convocatoria 2020 IMPACT.

2. Dos restantes membros do equipo de investigación:

Ter formalizada a súa vinculación como mínimo durante todo o periodo comprendido entre o prazo para a presentación de solicitudes e a resolución definitiva de concesión.

3. Os/as investigadores/as participantes nesta convocatoria non poderán figurar en máis dunha solicitude.

4. A participación nos proxectos regulados na presente convocatoria será compatible coa presentación de solicitudes e participación noutras convocatorias do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación.

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes para esta convocatoria será do 20 de xullo ao 9 de setembro, e os posibles beneficiarios das axudas son os seguintes:

BENEFICIARIOS:

- Institutos de investigación sanitaria acreditados.
- Entidades e institucións sanitarias públicas con actividade clínica asistencial ou sen ela: hospitais, centros de atención primaria, outros centros asistenciais distintos dos anteriores e unidades da Administración sanitaria.
- Entidades e institucións sanitarias privadas sen ánimo de lucro vencelladas ou concertadas ao SNS.
- Organismos Públicos de Investigación (OPI).
- Universidades públicas, institutos universitarios e universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D.

SOLICITUDE:

As solicitudes realizaránse a través da aplicación informática de solicitudes: <https://sede.isciii.gov.es>, en Trámites máis usados. Acción Estratégica en Saúde. Ayudas y Subvenciones.

Deberán utilizarse os modelos dispoñibles nesa mesma dirección web.